



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

OFICIALÍA MAIOR
SECCIÓN DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Expediente: 2025000049019

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A ADXUDICACIÓN DOS POSTOS NA FEIRA ROSALÍA 2026

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

De conformidade coas Bases e coa convocatoria de participación na feira (BOP número 7 do 13 de xaneiro de 2026) que se desenvolverá os días 21 e 22 de febreiro na Praza de Mazarelos en Santiago de Compostela, no marco da celebración do Festival Rosalía 2026, aprobadas por resolución número 148 do 5 de xaneiro de 2026.

Despois de ver as solicitudes presentadas e comprobar que cumpren cos requisitos establecidos nas bases

RESOLVO

1º.- Aprobar a concesión de todas as solicitudes presentadas para participar na Feira Rosalía, que son:

NOME DA MARCA/EXPOSITOR	PERSOA SOLICITANTE
ACONTRAVENTO	DANIEL PORTELA MACUA
I3D DISEÑO GALEGO IMPRESO EN 3D	YOLANDA NAYA FERREIRO
ÁRBORE AZUL	RAQUEL SENRA FERNANDEZ
LIBRARÍA PEDREIRA	XOSÉ ANTON PEDREIRA MIRAS
CASPERLOTA ATELIER	MARIA LUISA MOSQUERA SASTRE
MARIA VIQUEIRA	MARIA VIQUEIRA AMOR

2º.- Dispor a publicación da presente resolución na páxina web da deputación.

De conformidade co establecido no artigo 40.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), infórmase de que a resolución anterior esgota a vía administrativa, de acordo co disposto no artigo 114.1.e) da LPACAP, polo que, en virtude do artigo 123 da referida norma, contra a presente resolución poderá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o Presidente da Excelentísima Deputación Provincial da Coruña no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación, tal e como tamén preceptúa o artigo 52.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. Neste caso non se poderá

interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso potestativo de reposición ou se produza a súa desestimación presunta.

Así mesmo, a persoa interesada poderá interpoñer directamente contra a presente resolución recurso contencioso-administrativo, establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación, perante a Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia que corresponda, de conformidade co disposto na devandita lei e na disposición adicional primeira da Lei orgánica 1/2025, do 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do servizo público de xustiza.

Todo isto, sen prexuízo de que se poida exercer calquera outro recurso que se estime pertinente.